

NINA

[Olga Chajdas, 2018]



PASE ÚNICO EN NUMAX: 28.01.2018 | 19:00 | V.O.S.E.

Nina (2018, 130')

Dirección: Olga Chajdas

Guión: Marta Konarzewska, Olga Chajdas

Elenco: Julia Kijowska, Eliza Rycembel, Andrzej Konopka, Maria

Peszek, Katarzyna Gniewkowska, Tatiana Pauhofová

Son: Mateusz Adamczyk, Kacper Habisiak

Montaxe: Kasia Adamik

Vestuario: Katarzyna Lewinska

Dirección de arte: Anna Anosowicz

Música: Andrzej Smolik

Fotografía: Tomasz Naumiuk

Produtoras: Film it, Polish Film Institute (Polonia)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Polaco

FILMOGRAFÍA

Morning Has Broken, 2017

(curtametraxe)

3xLOVE, 2016 (curtametraxe)

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Premio Horizontes), Les

Arcs 2017 (Gran Premio do Xurado),

Göteborg 2018 (Sección Oficial)

SINOPSE

Logo de vinte anos, o matrimonio de Nina e Wojtek non vai a ningures, en parte polo seu intento de teren fillos sen resultado. Cando coñecen a Magda, unha muller nova, deciden propoñerlle a maternidade subrogada. Mais as cousas complícanse aínda máis cando Nina se sente, de súpeto, atraída cara a Magda.





INTERNATIONAL
FILM FESTIVAL
ROTTERDAM

NINA

[Olga Chajdas, 2018]

“Nina é unha *Madame Bovary* contemporánea”

Nota de intención da directora

Nina é un filme que sustrae o tempo para facelo voar. Foi creado nunha concentración total. Sensual. Unha historia sobre persoas que sen cualificación previa empregan ferramentas ofrecidas a eles por azar, tempo, experiencia ou vida xuntos. Nina e Wojtek vivírono todos xuntos. Case vinte anos de matrimonio, que arrancaron cun escándalo familiar: Wojtek é só un mecánico. Finalmente, a loita por ter un bebé que inicialmente deu fortaleza e unión á parella, converteuse no seu peor inimigo. Coñecemos no momento no que xa non poden dicir se están rifar polo bebé ou simplemente porque se afixeron a rifar. A súa última oportunidade é alugar unha nai subrogada. Nese intre coñecen a Magda que é todo o que Nina podería chegar a ser. Independente, libre de ataduras e compromisos, mais nalgún lugar dentro de si tamén solitaria e infeliz.

Nina e Wojtek deciden empregar a posición de inferioridade de Maga para alugala e conseguir dar a luz un neno. Pero o seu plan vai máis aló e intentan un xogo. Todos traspasan a mesma barreira que por un tempo serve para ocultar as súas debilidades, desexos e emocións reais. Os nosos tres heroes han seguir o camiño que non escolleron e que vai mudar as súas vidas para sempre. O filme non pretende servir de ilustración

sobre a tolerancia en Polonia ou sobre a situación do lesbianismo na sociedade polaca. O mundo non heteronormativo é moi rico e colorista mais só é o pano de fondo da nosa historia. Porque *Nina* é principalmente un filme sobre o amor. O encontrado de novo, que require un certo sacrificio porque o prezo é moi elevado.

Por suposto, o cásting é moi importante. Desde o inicio souben que o papel de Nina tiña que ser interpretado por Julia Kiewowska. Ao procurar as outras dúas pezas do triángulo guieime pola forza que cada un deles debía achegar á relación. Andrzej Konopka ten acougo, misterio, mais tamén unha calidez única dentro del. Eliza Rycembel, porén, ten un incribel carisma, intuición, ollada magnética e habilidade para se equilibrar no linde entre ser filla e amante. É no sobordamento desas fronteiras onde Nina cae namorada de Magda. Esa incapacidade para poñer nome á súa relación e emocións permite ás mulleres ficar máis preto xuntas.

Verdade e profundidade eran conceptos fundamentais cando construímos os nosos personaxes. Cada xesto tiña que significar algo, e cada mirada tiña que non pasar inadvertida. Por iso non era tan importante escoller unha linguaxe visual correcta. Falamos arreo co director de fotografía, Tomel Naumiuk sobre os significados, emocións e verdades que queríamos presentar. Unha cámara cercana aos personaxes, unha perspectiva moi concreta, firme e consistente, que empregamos en escenas consecutivas. Démoslle continuidade ao subxectivismo que adoptamos de inicio. Inspireime moito no cinema francés, mais tamén nos traballos de Krzysztof Kieslowski. Nina é unha *Madame Bovary*

contemporánea, así que precisaba unha linguaxe que combinase as mellores tradicións, un certo ritmo narrativo, cunha actuación moderna, coherente e enérxica. Agardo que o conseguísemos.

A directora

Olga Chajdas naceu en Poznan, Polonia. Graduouse en Produción Cinematográfica na Escola de Cinema de Lodz. En 2009, recibiu aulas na Escola de Dirección Cinematográfica Andrzej Wajda. Olga comezou a traballar como directora asistente en numerosos filmes e series de televisión, entre elas *In darkness* (2011), de Agnieszka Holland. Dirixiu obras teatrais (*A cabra ou Quen é Sylvia?*, de Edward Albee e *O último xudeu en Europa*, de Tuvia Tenenbom), gañou premios televisivos (*The Deep End*) e debutou no cinema con *3xLOVE* (Gran premio no Festival de Curtametraxes de Dublín Distancias) e *Morning Has Broken*, estreado no Festival Raindance. *Nina* é o debut de Olga na longametraxe.

Publicados en <https://live.iffrr.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónete
e ven sempre
por **4,5€**

**Faite
NUMAX!**